

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

TECNOLOXÍA E ENXEÑARÍA 1ºBAC

Criterios de cualificación:

Os procedementos e instrumentos de avaliación serán, de forma xeral, os seguintes:

- Procedemento de avaliación: prácticas de montaxe, simulación ou manexo de aplicacións web, proxecto técnico ou traballos de investigación. Instrumento de Avaliación: táboa de indicadores. Peso no total de cada avaliación: 60%
- Procedemento de Avaliación: probas de resolución de problemas e cuestións teóricas. Instrumento de Avaliación: proba escrita. Peso no total de cada avaliación:40%

A cualificación de cada unha das 3 avaliacións parciais do curso virá dada pola nota obtida da ponderación das cualificacións das unidades didácticas impartidas no trimestre. Esa ponderación establecerase en base aos pesos outorgados a cada unidade didáctica no apartado 3.1 da programación.

Unha avaliación considérase aprobada cando a súa nota sexa igual ou superior a 4,75. O alumnado con algunha avaliación suspensa poderá recuperala tal e como se detalla mais adiante.

A cualificación final da avaliación ordinaria do curso virá dada pola media aritmética das notas de cada unha das 3 avaliacións do curso. Polo tanto aplicarase a seguinte fórmula:

$$\text{Nota final} = (\text{nota da 1ª avaliación} + \text{nota da 2ª avaliación} + \text{nota da 3ª avaliación})/3.$$

A materia considérase aprobada cando esa nota sexa igual ou superior a 4,75, mesmo no caso de ter algunha avaliación suspensa.

O alumnado suspenso na avaliación ordinaria dispón dunha convocatoria extraordinaria para poder recuperar a materia.

Criterios de recuperación:

O alumnado que teña algunha avaliación suspensa poderá recuperala mediante unha nova proba escrita que incluíra os criterios de avaliación correspondentes a dita avaliación. Cando a nota desa proba de recuperación sexa superior á nota inicial, substituirá a aquela para o re cálculo da nota final da avaliación ordinaria. Esta proba de recuperación realizarase antes da avaliación ordinaria.

Finalmente, o alumnado cuxa nota final ordinaria (logo de re calcular coas notas das recuperacións) siga sendo inferior a 5 deberá presentarse a unha proba extraordinaria de recuperación, que se realizará os días 18, 19 ou 20 de xuño de 2025 (datas fixadas pola Xefatura de Estudos). Nesta proba deberá examinarse de toda a materia. A nota da convocatoria extraordinaria será a obtida nesta proba.

Polo tanto, se a nota desa proba resulta igual ou superior a 5 o alumno/a terá a materia aprobada na convocatoria extraordinaria, en caso contrario terá a materia suspensa.

Nas sesións de clase que teñan lugar no período comprendido entre a avaliación ordinaria e a extraordinaria, o alumnado que teña que realizar a proba extraordinaria realizará tarefas para preparar dita proba.

TIC 1ºBAC

Criterios de cualificación:

Os procedementos e instrumentos de avaliación serán, de forma xeral, os seguintes:

- Tarefas: 30%. Instrumento de avaliación : táboa de indicadores
- Probas obxectiva 1 35%. Instrumento de avaliación: proba escrita
- Proba obxectiva 2 : 35% Instrumento de avaliación: proba escrita

As notas aproxímanse por defecto ao anterior número enteiro, excepto no caso de que a parte decimal das mesmas sexa superior a 0,75.

A avaliación considérase aprobada cando a nota ponderada dos instrumentos de avaliación sexa como mínimo dun 4,75

A cualificación ordinaria virá dada pola nota ponderada das unidades didácticas de cada trimestre quedando da seguinte forma:

$$1^{\text{a}} \text{ avaliación } 33\% + 2^{\text{a}} \text{ avaliación } 34\% + 3^{\text{a}} \text{ avaliación } 33\%$$

A materia poderá aprobarse, mesmo tendo unha avaliación suspensa, sempre e cando a nota ponderada sexa, como mínimo, dun 5 (facendo o redondeo no a partir do 4,75). De non ser así o/a alumno/a terá que presentarse á proba extraordinaria.

Criterios de recuperación:

No caso de que a nota ponderada dunha avaliación da materia sexa inferior a 5 o alumnado poderá recuperar a avaliación suspensa. A recuperación realizarase a través dunha proba de recuperación dos criterios de cualificación non superados á volta do período de vacacións para a primeira e segunda avaliación e uns días antes da data da 3ª avaliación.

Unha vez corrixida esa proba, volverá a calcularse a nota ponderada das 3 avaliacións; se esa nota ponderada resulta superior a 5 o alumno terá a materia aprobada na avaliación ordinaria, en caso contrario terá a materia suspensa e o alumnado terá que asistir á proba extraordinaria.

PROBA EXTRAORDINARIA

Na proba extraordinaria avalíaranse os criterios de avaliación de todo o curso. Esta proba poderá realizarse con respostas en papel e/ou respostas no ordenador.